

CURSO 24_25



PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

IES DE SAR

Capítulo 1

- 1.1 Obxectivos específicos para o curso académico 2023-24 e medidas que se van desenvolver.
- 1.2 Recursos actuais.
- 1.3 Organigrama do centro.
 - 1.3.1 Equipo directivo.
 - 1.3.2 Profesorado do centro por departamentos e horas lectivas.
 - 1.3.3 Alumnado: 451 alumnas/os.
 - 1.3.4 Membros do Consello escolar.
 - 1.3.5 Persoal non docente.
- 1.4 Horarios xerais do centro.
 - 1.4.1 Horario lectivo.
 - 1.4.2 Horas e condicións da dispoñibilidade de uso das instalacións para o alumnado.
 - 1.4.3 Horario de verán.
 - 1.4.4 Horarios de atención do profesorado a nais e pais.
 - 1.4.5 Horario de atención a nais e pais dos titores.
- 1.5 Calendario Escolar.
 - 1.5.1 Días non lectivos
 - 1.5.2 Calendario da avaliación da ESO
 - 1.5.3. Calendario da avaliación de 1º Bacharelato
 - 1.5.4 Calendario da avaliación de 2º Bacharelato
 - 1.5.5 Calendario de exames da convocatoria extraordinaria para Bacharelato
 - 1.5.6 Calendario de exames de pendentes para ESO e Bacharelato
 - 1.5.7 Calendario de avaliacións para o curso 2023-2024
- 1.6 Organización dos servizos complementarios (transporte)

Capítulo 2

- 2.1 Documento de Organización do Centro (DOC)
 - Anexo I: Plan de organización e coordinación das tarefas de persoal non docente

Capítulo 3

- 3.1 Programa anual de actividades complementarias e extraescolares
 - Anexo II: Actividades complementarias e extraescolares do curso 2024-2025
- 3.2 A organización, funcionamento e horario da biblioteca
 - Anexo III: Programación da Biblioteca
- 3.3 Programa de formación do profesorado no centro
- 3.4 Plan TIC
 - Anexo IV: Plan TIC
- 3.5 Outros anexos

PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

INTRODUCCIÓN

Neste curso 24-25 hai que destacar o grande incremento de alumnado, podendo afirmar que o centro está na súa máxima capacidade. Tamén hai que destacar que volvemos solicitar á Consellería de Educación a habilitación de dúas novas aulas e a construción dun espazo multiusos para actividades con capacidade para 200 alumnos, aumentando as prazas de aparcamento, intervencións que consideramos imprescindibles e urxentes para a mellora da calidade do ensino no noso centro.

Capítulo 1

1.1 Obxectivos específicos para o curso académico 2024-25 e medidas que se van desenvolver

A. Mellorar os resultados académicos en todos os cursos e niveis. Liñas de actuación

- Facer o seguemento necesario para a correcta implementación dos estudos que se determinan no marco legal vixente LOMLOE
- Promover a adopción de novas metodoloxías para alumnos con necesidades especiais ou insuficiente coñecemento das linguas cooficiais.
- Fomentar o uso da aula virtual.
- Solicitar ao claustro a aprobación da solicitude dos contratos-programa de mellora de competencias para a ESO.
- Seguir potenciando a comunicación coas familias, a través de canles como Abalar ou a web do centro.
- Incrementar a cooperación entre departamentos didácticos, e entre estes e o profesorado con responsabilidades na biblioteca. Esta colaboración é clave para a aprendizaxe por proxectos.
- Sguir co funcionamento do Plan Estratéxico de Mellora (PEM) implementado no curso anterior.

B. Ampliar a oferta formativa e mellorar os itinerarios formativos

- Participación no programas de éxito educativo da consellería:
 - Polos Creativos.
 - EduExchanges.
 - Club de Ciencia (continuación).
 - CP Inclúe.
 - E-Dixgal (Continuación).
 - Proa+ . Solicitude de un PT para unha mellor atención do alumnado NEAE.
- Estudar a partir de marzo as necesidades do alumnado e as propostas do profesorado para elaborar unha oferta formativa adecuada.

C. Xestión dos recursos humanos

- Tendo en conta que neste curso houbo un incorporación de moito profesorado novo, (8 profesores/as dos 46) hai que continuar coa implantación e xeneralización do uso das TICs. Comezamos este novo curso facendo enquisas ó profesorado sobre os seus recursos telemáticos e sobre as destrezas na utilización das ferramentas básicas, a aula virtual e os sistemas de videoconferencia, co obxectivo de que a comunidade educativa chegue preparada a unha hipotética suspensión, parcial ou total, da actividade académica presencial. Parte do profesorado xa realizou unha formación inicial impartida por un profesor do centro en colaboración co CAFI. Cos recursos que nos sexan asignados dende a consellería, procuraremos seguir avanzando coa dotación de medios audiovisuais nas aulas, co obxectivo de contribuír á modernización e á mellora e á calidade do proceso educativo. Do mesmo xeito, todo o alumnado recibiu formación de como acceder á Aula Virtual.

- O alumnado e o profesorado conta tamén cun correo con dominio do centro para poder establecer unha boa comunicación coa comunidade educativa.
- Levamos 4 anos co Proxecto E-DIXGAL en toda a etapa da ESO; como parte da súa implantación o profesorado do centro segue realizando actividades de formación.
- Continuar coa formación e a realización dos simulacros pertinentes do Plan de Autoprotección do Centro que se implantaron e aprobaron no curso 21-22.

D. Xestión dos recursos e materiais

- Renovar, todo o que se poida, o resto do material informático e tecnolóxico.
- Dotar as aulas de cámaras web que permitan compartir sesións non presenciais para conferencias, intercambios telemáticos con outros centros, ...
- Dotar do material necesario para realizar todo tipo de proxectos educativos: obradoiro de muralismo, productora audiovisual, Plan Proxecta...
- Mellorar a conectividade a Internet, mellorando os problemas de conexión..
- Mellorar o acceso peonil ó centro, dotándoo de automatismos que o faciliten.
- Renovación de material pedagógico obsoleto e con danos.
- Estudo da viabilidade de colocación de andeis con porta para o alumnado nas distintas etapas.
- O principal obxectivo deste curso é solicitar á Consellería a construción dun Salón de Actos.

E. Organización de actividades que favorezan a apertura do centro

- Seguiremos apoiando e fortalecendo aquelas actividades culturais e extraescolares do instituto que complementen a formación dos nosos alumnos.
- Participar no Programa de Éxito educativo da Consellería *EduExchanges*, Club de Ciencia, ...
- Participar nos Plan Proxecta : *Donas de si, Quérote+, Salvavidas*.
- Participar no Plan CP_Inclúe.

F. Combater o absentismo escolar, mellorar a puntualidade. Liñas de actuación

- Fomentar o emprego de Abalar móbil como ferramenta de comunicación coas familias.
- Requirir ao alumnado impuntual un control dos retrasos que serán informados inmediatamente aos seus responsables.
- Traballar coas familias para facer descender o máximo o absentismo utilizando como ferramenta de partida os avisos continuos ós responsables do alumnado e a aplicación do protocolo.

G. Mellorar a calidade na xestión do centro

- Establecer unha comunicación fluída e constante con todo o persoal, para coñecer as súas dificultades, as necesidades e propostas de mellora.

- Utilización de todos os recursos informáticos posibles (páxina web, correos, telefonía).

H. Actualizar e completar a documentación do centro

- Facer unha revisión e actualización dos documentos do PEC que estean sen revisar nos últimos anos.
- Facer unha revisión do Plan de Convivencia.

I. Visibilizar o centro

- Manter actualizada a páxina web.
- Pintado do muro e a fachada exterior do centro.
- Aumentar a colaboración cos medios de comunicación da cidade.
- Establecer relacións coas asociacións veciñais e distintas asociacións culturais do barrio e do concello.

J. Dinamizar a atención á diversidade

- Promover a coordinación entre o profesorado, o orientador e as familias para detectar as necesidades educativas especiais do alumnado.
- A existencia de alumnado con dificultades de aprendizaxe lévanos a organizar cada curso estratexias de reforzo educativo que este ano se concretan da seguinte maneira:
 - En 1º de ESO, despois da sesión de avaliación inicial, decídese, entre outras cousas, que o alumnado que necesita reforzo educativo (exención da 2ª lingua estranxeira, exención en lingua galega, en horas de materias instrumentais....) saia cos profesores de apoio correspondentes, mentres o necesite, para afianzar as competencias nesas materias. Este curso, concretamente, durante dúas horas das de docencia dalgúns das materias instrumentais (Matemáticas, Lingua Galega e Lingua Castelá), o alumnado que se determine terá reforzo con profesorado especialista desas materias.
 - Á espera de adxudicación do contrato-programa PROA+ que consiste na integración de docentes de reforzo (neste curso temos solicitado un PT) para os cursos da ESO.
 - Neste curso contamos cunha profesora de Audición e Linguaxe compartida con outro centro que estará no centro os luns e martes atendendo ó alumnado correspondente

K. Dinamizar a biblioteca

- Reordenar e revisar os fondos da biblioteca, expurgando obras que non se solicitan en empréstito para facer do espazo da biblioteca un lugar de traballo confortable
- Programar actividades en colaboración co Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares co fin de achegar o alumnado á biblioteca como centro motor da actividade cultural do centro
- Solicitar o PLAMBE.

L. Abordar problemáticas de situacións de alarma social

- Solicitar charlas de distinto tipo sobre contidos que axuden a afrontar os problemas que vaian xurdindo na comunidade educativa.
- Seguir se é posible co programa Quérote+ para 3º ESO e organización de actividades sobre o mesmo tema para 2º ESO.

M. Participar en distinto tipos de concursos

- Fomentar a participación en distintos tipos de concursos: literarios, artísticos, científicos...

N. Estimular a creatividade

- Fomentar a participación do alumnado, e particularmente do de Bacharelato de Artes, en proxectos

de exposicións, mostras, obradoiros, tamén a partir da acción tutorial.

1.2 Recursos actuais

- Proxecto E-Dixgal implantado en todo o Ensino Secundario Obrigatorio.
- Todas as aulas están provistas de ordenador para o profesorado, pizarra dixital e canón.
- Hai 2 aulas de Informática, con capacidade para aproximadamente 20 alumnos cada unha.
- Ximnasio.
- Pista polideportiva.
- Laboratorio de Física, laboratorio de Química e laboratorio de Bioloxía.
- Aula de Tecnoloxía.
- Aula de Volume, Plástica e aula de Debuxo.
- Aula de Música e aula de Francés.
- Pequeno salón de actos.
- Aula de Pedagogía Terapéutica.
- Aula de Audición e Linguaxe
- Biblioteca.
- Material educativo: telescopios.

1.3 Organigrama do Centro.

1.3.1 Equipo directivo.

- Director: Aníbal García Pinal
- Vicedirector: Baldomero Fernández Ramos
- Xefa de Estudos: Pilar González Pérez
- Secretaria: M^a del Carmen García Romalde.

1.3.2 Profesorado do Centro por departamentos e horas lectivas

Lingua Castelá		H. Dep
XD	<i>Pedreira, M^a del Carmen</i>	83
Defint.	<i>Fernández , Baldomero</i>	
Defint.	<i>Vidal, Inés</i>	
Provis.	<i>Barral , Zoraida</i>	
Provis.	<i>Macho, Luis</i>	
Xeografía e Historia		

<i>XD</i>	<i>Martínez, José</i>	<i>57 h</i>
<i>Defint.</i>	<i>Otero, Francisco</i>	
<i>Defint.</i>	<i>Romero, Antonio</i>	
<i>Física e Química</i>		
<i>XD</i>	<i>Monteagudo, Mercedes</i>	<i>35 h</i>
<i>Defint</i>	<i>Rodríguez, Nuria</i>	
<i>Educación Física</i>		
<i>XD</i>	<i>Lema, Manuel</i>	<i>35 h</i>
<i>Provis</i>	<i>Varela, Isabel</i>	
<i>Francés</i>		
<i>XD</i>	<i>González, María</i>	<i>19 h</i>
<i>Inglés</i>		
<i>XD</i>	<i>Barreiro, Fernando</i>	<i>60 h</i>
<i>Defint.</i>	<i>Sousa, Lucinda</i>	
<i>Defint.</i>	<i>Quintás, Manuel</i>	
<i>Música</i>		
<i>XD</i>	<i>Giménez, María</i>	<i>19 h</i>
<i>Orientación</i>		
<i>XD</i>	<i>Lence, Manuel</i>	<i>50 h</i>
<i>P.T.</i>	<i>Lema, Marína</i>	
<i>Lingua Galega</i>		
<i>XD</i>	<i>Rial, Ana María</i>	<i>76 h</i>
<i>Defint.</i>	<i>Meixide, María Teresa</i>	
<i>Defint.</i>	<i>Chamosa, Ana</i>	
<i>Provis.</i>	<i>Otero, Anxo</i>	
<i>Matemáticas</i>		
<i>XD</i>	<i>Gómez, Rosa</i>	<i>64 h</i>
<i>Defint.</i>	<i>García, Aníbal</i>	

Provis.	Vilaboa, Julia	
Provis.	Irazu, Isabel	
Filosofía		
XD	Canitrot, María Xosé	57 h
Provis.	Neira, Fernando	
Provis	Neyra, Nieves	
Relixión		
XD	Balseiro, Sofía	7 h
Debuxo		
XD	Rodríguez, Susana	135 h
Defint.	Amigo, Montserrat	
Defint.	De la Rosa, Manuel	
Defint.	Fandiño, Jesús	
Defint.	Villanueva, Oscar	
Defint.	Brey, Javier	
Economía		
XD	Olveira, Mª Luisa	19 h
Bioloxía		
XD	García, Mª Carmen	29 h
Defint.	Montero, Santiago	
Grego		
XD	Blanco, José Manuel	18 h
Portugués		
Provis	Fernández, Xurxo	19 h
Tecnoloxía		
XD	Paleo, Sofía	47 h
Defint.	González, Pilar	
Provis	Figueiredo, Modesto	

1.3.3 Alumnado.

Total alumnas/os

1º ESO 3 grupos : **A** de 27 alumnos/as, **B** de 28 alumnos/as e **C** de 26 alumnos/as

2º ESO 3 grupos: **A** de 26 alumnos/as, **B** de 22 alumnos/as e **C** de 22 alumnos/as

3º ESO 2 grupos: **A** de 24 alumnos/as e **B** de 22 alumnos/as e un **PDC** de 7 alumnos

4º ESO 2 grupo: **A** de 19 alumnos/as e **B** de 23 alumnos/as

Total alumnado **ESO: 246 alumnos/as.**

1º BACHARELATO (122 Alumnos/as) 5 grupos:

- 3 de artes: **A** 23 alumnos/as, **B** 25 alumnos/as e **C** 21 alumnos/as
- 1 de Ciencias **D** 22 alumnos/as
- 1 de Humanidades **E** 31 alumnos/as

2º BACHARELATO (137 Alumnos/as) 5 grupos:

- 2 de artes: **A**, 27 alumnos/as e **B**, 24 alumnos/as e
- 1 grupo de Artes e Humanidades, **C** 29 alumnos/as
- 1 grupo de Artes con Ciencias Tecnolóxico **D**, 27 alumnos/as
- 1 grupo de Ciencias Sociais con Ciencias Saúde **D**, 28 alumnos/as

Total alumnado Bacharelato: **257 alumnos/as**

Número total de alumnado no centro: 503 alumnos/as

1.3.4 *Membros do Consello Escolar*

Presidente: Aníbal García

Xefe de Estudos: Pilar González

Secretaria: M^a del Carmen García

Sector Alumnado: Artai Isasi, Cindy Chung, Martín Pegito.

Sector Nais/Pais: Eva Vila e Paula Tenreiro

Sector Profesorado: José Martínez, Mercedes Monteagudo, Rosa Gómez, Marina Lema, Carmen Pedreira, Inés Vidal e Fernando Barreiro.

Sector Persoal non docente: Pilar Dobarro

Representante do concello: pendente de comunicar

1.3.5 *Persoal non docente*

Como persoal non docente, temos:

- Tres subalternos que deben cubrir unha xornada que comeza ás 8:30 h e remata ás 22:00 horas.
- Unha administrativa, interina, xa que a titular desempeña outro posto de traballo.
- No persoal de limpeza temos 2 persoas a tempo completo e unha a media xornada. Hai que ter en conta que o centro está aberto de 8:30 h a 22:00 h e o seu tamaño resulta excesivamente grande para afrontar a limpeza total do mesmo. De feito, hai dependencias que non se poden limpar en boas condicións ou coa regularidade que se require por esta falta de persoal. O instituto require, cando menos, dunha persoa máis para satisfacer as necesidades de limpeza que actualmente ten o centro, tendo en conta o incremento de alumnado neste curso (un 20% máis respecto ao curso pasado).

1.4 Horario do centro

1.4.1 Horario lectivo

hora		martes	mércores	xoves	venres
08:30-08:50	Gard. Transp.				
08:50-09:40					
09:40_10:30					
10:30-10:50	RECREO				
10:50-11:40					
11:40-12:30					
12:30-12:50	RECREO				
12:50-13:40					
13:40-14:30					
14:30-14:50	Gard. Transp.				
14:30-16:30	MEDIODÍA				
16:30-16:50		Gard. Transp.			
16:50-17:40					
17:40-18:30					
18:30-18:50		Gard. Transp.			

1.4.2 Horas e condicións da dispoñibilidade de uso das instalacións para o alumnado

As instalacións están dispoñibles os luns, mércores, xoves e venres a partir das 17:00 h (a excepción das aulas ocupadas pola sección da EOI). De utilizarse por menores nese horario, débese garantir que os menores estean acompañados dun ou de varios adultos que se responsabilicen deles.

O persoal de limpeza debe dispoñer de tempo suficiente para levar a cabo o seu traballo. Cando unha asociación solicite permiso para utilizar as instalacións, deberá realizarse una planificación de espazos, de maneira que se poidan limpar antes e despois da actividade.

A condición para conceder o permiso de utilización das instalacións é que se solicite coa debida antelación, se xustifique o uso que se vai facer das mesmas e se garanta a seguridade das persoas que participen nas iniciativas e a limpeza das instalacións ao remate das actividades.

1.4.3 Horario de verán

Durante o mes de xullo, a secretaría do centro permanece aberta de 9:30 h a 14:00 h. En agosto o centro atenderá as urxencias mediante o teléfono e o correo do centro.

1.4.4 Horarios de atención a nais e pais

Estarán na web do centro, respectando a lei de protección de datos

RPN					
/~\	Lunes	Martes	Miércoles	Jueves	Viernes
8:30 8:50					
8:50 9:40					
9:40 10:30	Vilaboa Julia			Paleo Sofía	Lema Manuel
	recreo				
10:50 11:40	Canitrot María Xosé Martínez Jose Otero Anxo	Quintás Manuel Rial Ana M Giménez María Neira Fernando Oliveira Luisa Romero Antonio Vidal Inés González Pilar	Chamosa Ana Fandiño Suso Fernández Baldo	Amigo Montse Meixide Teresa Montea. Mercedes Neyra Nieves	González María García Pamen
11:40 12:30	de la Rosa Manuel Brey Javier Macho Luis	Gómez Rosa Fernández Xurxo Barral Zoraida Montero Santa	Pedreira Carmen Rodríguez Susana	Blanco Xosé Manuel Balseiro Sofía	Barreiro Fernando Villanueva Óscar
	recreo				
12:50 13:40	Rodríguez Nuria	Figueiredo Tito Irazu Isabel Sousa Lucinda Varela Isabel	Dopazo Sonia		Otero Francisco García Anibal

1.4.5 Horario de atención a Nais e Pais dos titores

CURSO	TITOR/A	Horas tutoría
1º ESO A	Santiago Montero	Martes 11:40-12:30
1º ESO B	Luis Miguel Macho	Luns 11:40-12:30
1º ESO C	Isabel Varela	Martes 12:50-13:40
2º ESO A	Xurxo Fernández	Martes 11:40-12:30
2º ESO B	Zoraida Barral	Martes 11:40-12:30
2º ESO C	Manuel Quintás	Martes 10:50-11:40
3º ESO A	Oscar Villanueva	Venres 11:40-12:30
3º ESO B	Antonio Romero	Martes 10:50-11:40
3º ESO C	Ana Rial	Martes 10:50-11:40
4º ESO A	Teresa Meixide	Xoves 10:50-11:40
4º ESO B	Lucinda Sousa	Martes 12:50-13:40

1º BACHARELATO A	Javier Brey	Luns 11:40-12:30
1º BACHARELATO B	Suso Fandiño	Mércores 10:50-11:40
1º BACHARELATO C		Mércores 12:50-13:40
1º BACHARELATO D	Fernando Neira	Martes 10:50-11:40
1º BACHARELATO E	Francisco Otero	Venres 12:50-13:40
2º BACHARELATO A	Montse Amigo	Xoves 10:50-11:40
2º BACHARELATO B	Manuel de la Rosa	Luns 11:40-12:30
2º BACHARELATO C	Ana Chamosa	Mércores 10:50-11:40
2º BACHARELATO D	Nieves Neyra	Xoves 10:50-11:40
2º BACHARELATO E	Jose Martínez	Luns 10:50-11:40

1.5. Calendario Escolar

A Lei orgánica de educación 2/2006, do 3 de maio, determina na disposición adicional quinta que o calendario escolar, que fixarán anualmente as administracións educativas, comprenderá un mínimo de 175 días lectivos para o ensino obrigatorio.

O calendario escolar ven marcado *a ORDE do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/25 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*. Na que se indica que na educación secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional, as actividades lectivas realizaranse do día 11 de setembro de 2023 ao 20 de xuño de 2024, ambos inclusive.

Non obstante o anterior, para o segundo curso de bacharelato a impartición efectiva de clases rematará de acordo coas datas previstas para a avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (en adiante, PAU). Terán a consideración de días lectivos os dedicados á impartición efectiva de clases e aqueles que se dediquen á realización das probas e avaliacións finais das convocatorias ordinaria e extraordinaria.

1.5.1. Días non Lectivos

Os períodos de vacacións escolares no curso académico 2024/25 serán os seguintes:

- Nadal: desde o día 21 de decembro de 2024 ata o día 7 de xaneiro de 2025, ambos inclusive.
- Entroido: os días 3,4 e 5 de marzo do 2025.
- Semana Santa: desde o día 14 ata o día 21 de abril de 2025, ambos inclusive.
- Festivo Local: Día 29 de maio Xoves da Ascensión

O IES de SAR solicitou para o curso 2024_2025 como día non lectivo o día venres 30 de maio, que corresponde co Venres da Ascensión, día non lectivo tradicionalmente na cidade de Santiago de Compostela, data pendente de autorizar polas autoridades educativas

1.5.2. Calendario da avaliación da ESO

AVALIACIÓN	DATA DA AVALIACIÓN	ENTREGA DE NOTAS
1ª AVALIACIÓN	16 -19 DECEMBRO	21 DECEMBRO
2ª AVALIACIÓN	7 ao 10 ABRIL	11 ABRIL
3ª AVALIACIÓN E FINAL	23 e 24 XUÑO	A PARTIR DO 24 XUÑO

1.5.3. Calendario da avaliación de 1º Bacharelato

AVALIACIÓN	DATA DA AVALIACIÓN	ENTREGA DE NOTAS
1ª AVALIACIÓN	16 -19 DECEMBRO	21 DECEMBRO
2ª AVALIACIÓN	7 -10 ABRIL	11 ABRIL
AVALIACIÓN ORDINARIA	9 OU 10 XUÑO	10 XUÑO
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	23 ou 24 XUÑO	23 ou 24 XUÑO

1.5.4. Calendario da avaliación de 2º Bacharelato

Como no curso anterior, entendemos que houbo unha boa aceptación da proposta da semana de exames, polo que este curso propúxoselle ao claustro tamén a posibilidade de realizala, supoñendo que a avaliación fose o 16 de maio. Despois de varias propostas chegouse ao acordo de deixar a a aprobación desta proposta para un vindeiro claustro.

AVALIACIÓN	DATA DA AVALIACIÓN	ENTREGA DE NOTAS
1ª AVALIACIÓN	28 NOVIEMBRE	29 NOVIEMBRE
2ª AVALIACIÓN	27 FEBREIRO	1 MARZO
AVALIACIÓN ORDINARIA	16 MAIO	16 MAIO
AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	13 XUÑO	13 XUÑO

1.5.5. Calendario de exames da convocatoria extraordinaria para Bacharelato

Deberán realizarse entre o 11 e o 13 de xuño para 2º Bacharelato, aportarase un calendario unha vez realizada a convocatoria ordinaria.

As probas finais da convocatoria extraordinaria para o primeiro curso de bacharelato formativos de grao básico entre o 18 e o 20 de xuño de 2025.

O claustro decidirá se facer unha semana de exames ou non, pendente de tomar esta decisión

1.5.6. Calendario de exames de pendentes para ESO e Bacharelato

Desde a Xefatura de Estudos establecerase un calendario de exames de pendentes, na convocatoria oficial, durante o mes de maio e finais de Abril, compatibilizándoos cos da semana de exámenes, no caso de que o claustro decidise que se planifique.

- **ESO** finais de abril e durante o mes de maio. Sempre en horario lectivo. Os exames os terá que realizar o xefe de departamento
- **BACHARELATO**
Serán os días **28, 29 e 30 de Abril**. Serán pola tarde.

Dende a Xefatura de Estudos terase en conta a opinión dos departamentos implicados.

O calendario farase público no taboleiro da entrada principal e na páxina web do centro.

1.5.7. Calendario de avaliacións para o curso 2024-2025

Para elaborar este calendario, tivéronse en conta o número de días lectivos de cada avaliación (*as horas das avaliacións son orientativas*).

AVALIACIÓN INICIAL.

<u>LUNS 30 DE SETEMBRO</u>	<u>MARTES 1 DE OUTUBRO</u>	<u>MÉRCORES 2 DE OUTUBRO</u>
16:30-17:15 1º ESO A	18:45-19:00 1º BAC A	16:30-17:15 4º ESO A
17:15-18:00 1º ESO B	19:00-19:15 1º BAC B	17:15-18:00 4º ESO B
18:00-18:45 1º ESO C	19:15-19:30 1º BAC C	18:00-18:45 2º ESO A
18:45-19:30 3º ESO A	19:30-19:45 1º BAC D	18:45-19:30 2º ESO B
19:30-20:00 3º ESO B	19:45-20:00 1º BAC E	19:30-20:30 2º ESO C
20:00-20:30 3º ESO C		

1ª AVALIACIÓN

<u>2º BACHARELATO</u>	
<u>XOVES 28 NOVENBRO</u>	
16:30 -17:20	2º BACH E
17:20 -18:10	2º BACH D
18:10-19:00	2º BACH C
19:00-19:50	2º BACH B
19:50-20:30	2º BACH A
<u>ENTREGA NOTAS: VENRES 29 NOVENBRO</u>	

<u>1º BACHARELATO e ESO</u>		
<u>LUNS 16 DECEMBRO</u>	<u>MÉRCORES 18 DECEMBRO</u>	<u>XOVES 19 DECEMBRO</u>
16:30-17:15 4º ESO A	16:30-17:15 1º ESO A	16:30-17:30 1º BAC E
17:15-18:15 4º ESO B	17:15-18:00 1º ESO B	17:30-18:00 1º BAC D
18:15-19:00 2º ESO A	18:00-18:40 1º ESO C	18:00-18:30 1º BAC C
19:00-19:45 2º ESO B	18:40-19:20 3º ESO A	18:30-19:00 1º BAC B
19:45-20:30 2º ESO C		19:00-19:30 1º BAC A
		19:20-20:00 3º ESO B
		20:00-20:30 3º ESO C
<u>ENTREGA NOTAS: VENRES 20 DECEMBRO</u>		

2ª AVALIACIÓN

2º BACHARELATO	
<u>XOVES 27 DE FEBREIRO</u>	
16:30 -17:20	2º BACH A
17:20 -18:10	2º BACH B
18:10-19:00	2º BACH C
19:00-19:50	2º BACH D
19:50-20:30	2º BACH E
ENTREGA DE NOTAS: VENRES 28 DE FEBREIRO	

1º BACHARELATO e ESO		
<u>LUNS 7 ABRIL</u>	<u>MÉRCORES 9 DE ABRIL</u>	<u>XOVES 10 ABRIL</u>
16:30-17:10 1º BAC C	16:30-17:15 4º ESO A	16:30-17:30 1º ESO C
17:10-17:45 1º BAC B	17:15-18:00 4º ESO B	17:30-18:30 1º ESO B
17:45-18:40 1º BAC A	18:00-18:45 2º ESO C	18:30-19:30 1º ESO A
18:40-19:20 1º BAC D	18:45-19:30 2º ESO B	19:30-20:30 3º ESO A
19:20-20:30 1º BAC E	19:30-20:30 2º ESO A	
17:45-18:30 3º ESO B		
18:30-19:10 3º ESO C		
ENTREGA NOTAS: VENRES 11 ABRIL		

AVALIACIÓNS FINAIS

2º BACHARELATO	
AVALIACIÓN ORDINARIA (datas postas pola CIUG)	AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA (datas postas pola CIUG)
<u>VENRES 16 DE MAIO???</u>	<u>13 DE XUÑO???</u>
16:15-16:30 Pendentes	● 16:30 -16:45 PENDENTES
16:30 -17:10 2º BACH A	● 16:45 -17:00 2º BACH B
17:10 -17: 50 2º BACH B	● 17:00-17:15 2º BACH C
17:50-18:30 2º BACH C	● 17:15-17:30 2º BACH A
18:30-19:10 2º BACH D	● 17:30-17:45 2º BACH D
19:10-19:50 2º BACH E	● 17:45-18:00 2º BACH E
ENTREGA NOTAS MISMO DÍA POR ABALAR	ENTREGA NOTAS MISMO DÍA POR ABALAR

1º BACHARELATO	
AVALIACIÓN ORDINARIA	AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA.
<u>LUNS 9 XUÑO</u>	<u>LUNS 23 XUÑO</u>
16:30-17:00 1º BAC A	● 9:15 -09:30 1ºBACH A
17:00-17:30 1º BAC B	● 09:30-09:45 1ºBACH B
17:30-18:00 1º BAC C	● 09:45-10:00 1ºBACH C
18:00-18:30 1º BAC D	● 10:00-10:15 1ºBACH D
18:30-19:30 1º BAC E	● 10:15-10:40 1ºBACH E
ENTREGA NOTAS: 9 XUÑO POR ABALAR	ENTREGA NOTAS: 23 DE XUÑO POR ABALAR

AVALIACIÓN FINAL ESO			
LUNS 23 XUÑO		MARTES 24 XUÑO	
11:00-12:00	1º ESO C	10:00-10:50	4º ESO A
12:00-12:45	1º ESO B	10:50-11:50	4º ESO B
12:45-13:45	1º ESO A	11:50-12:45	3º ESO A
16:30 -17:00	PENDENTES ESO	12:45-13:20	3º ESO B
17:00-18:45	2º ESO A	13:20-14:00	3º ESO C
18:45-19:30	2º ESO B		
19:30-20:15	2º ESO C		
ENTREGA NOTAS: MÉRCORES 25 DE XUÑO POLAS TITORAS/ES			

1.6. Organización dos servizos complementarios (transporte)

Número de alumnado transportado. En total 128 alumnos e alumnas.

1.6.1. Número de rutas.

O transporte escolar consta de cinco rutas, realizadas pola compañía: Monbus.

1.6.2. Itinerarios.

<u>Ruta/Itinerario 1:</u>	<u>Ruta/Itinerario 2:</u>	<u>Ruta/Itinerario 3:</u>	<u>Ruta/Itinerario 4:</u>	<u>Ruta/Itinerario 5:</u>
0. IES de Sar 1. Rodriguez de Viguri 2. S.Caetano/Anxo Casal 3. Avda.Castelao 4. Vite 5. Vista Alegre.	0. IES de Sar 1. Cruz Vermella 2. Rúa Paris 1 3. Rúa Paris 2 4. Rúa Paris 3 5. Cuartel 6. Cruceiro 7. Meixonfrio.	0. IES de Sar 1.Cruceiro de Sar 2.Angrois 3. Rúa Senande 4.Cruce Sabral-Penas 5. Lobio.	0. IES de Sar 1. Sexto 2. SanMarcos 3. XanXordo 4. Casais 5. Castiñeiro 6. Carballal 7. Tarrio 8. Frades 9. Paraño 10. Piñeiro.	0. IES de Sar 1. S.Marcos/Susos 2. Pousada 3. Lugar de Neiro 4. Vilamaior 5. Labacolla 6. Gasolinera 7. Correos 8. Gasolinera 9. San Paio.

Capítulo II

2.1. Documento de Organización do Centro (DOC)

Anexo I Plan de organización e coordinación das tarefas de persoal non docente

PERSOAL NON DOCENTE	
APELIDOS e NOME	POSTO
Dominguez , Isabel	Administrativa
Seoane, Carlos	Subalterno
Valeiras, Gabriel	Subalterno
Dobarro, Pilar	Subalterna
Vieites, M.ª José	Limpeza
Oria, Ana Belén	Limpeza
Corral, Mº Amparo	Limpeza

O persoal da conserxaría atenderá a apertura e peche das portas do centro, de acordo co horario establecido, e controlará o acceso ao mesmo das persoas alleas; recibirá e informará ao público e avisará aos membros do profesorado polos que se pregunte; atenderá o

teléfono e realizará os traballos de fotocopiadora de acordo cos criterios establecidos pola secretaria de centro.

Colaborará no mantemento da orde, especialmente nos períodos de lecer, e avisará ao profesorado de garda cando detecten que nalgunha aula falta a persoa docente.

Así mesmo, realizará as tarefas que se encomenden no ámbito das súas funcións.

O persoal administrativo desenvolverá o seu traballo segundo os criterios que estableza a secretaria do centro, así coma o persoal de limpeza.

Capítulo III

3.1. Actividades Complementarias e Extraescolares Curso 2024-2025

Todos os departamentos propoñen actividades complementarias e extraescolares nas súas programacións didácticas.

Estas realizaranse, para evitar interferencias e incompatibilidades coa actividade docente de aula, antes das seguintes datas:

Tanto na ESO como en Bacharelato: ata 30 días antes do remate do curso académico.

E na 1ª e 2ª avaliacións non se poderán programar actividades que afecten a outro profesorado nos 10 días naturais anteriores á data de celebración das sesións de ámbalas dúas avaliacións.

Desde o curso 2022-2023 estableceuse organizar unha *Semana das Artes* e unha *Semana das Ciencias*, ou ben alternalas en cursos sucesivos. Este ano, dependendo das partidas orzamentarias que consigamos para a súa realización, proporemos levar a cabo unha ou outra, e en caso de dispoñer de fondos suficientes, organizaremos as dúas como no curso 2022-23, unha ao inicio do 2º trimestre e a outra a o inicio do 3º.

Nos tres últimos cursos publicamos un libro con traballos e colaboracións de toda a comunidade educativa, arredor dalgún tema na *Colección Sar*. Levamos catro títulos publicados e, neste curso, temos planificada unha colaboración coa Vicedirección da Escola Oficial de Idiomas (Sección de Inglés) para facer un libro cunha colección de minisagas (microrrelatos) premiados nas nove edicións dun concurso de minisagas que a EOI organiza anualmente. A colaboración do IES de Sar consiste en ilustrar eses textos por parte do alumnado que cursa o Bacharelato de Artes. A coordinación deste traballo de ilustración correu a cargo do profesorado do departamento de Debuxo. A idea é coeditalo entre o noso centro e a EOI e telo publicado no mes de maio.

Temos prevista algunha intervención muralística para mellorar o aspecto exterior do instituto, concretamente o muro de peche exterior, en colaboración con diferentes iniciativas municipais.

A seguir, detallamos algunhas datas e eventos que temos previsión de celebrar, como xa se fixo o curso pasado, nalgúns casos coa colaboración da ANPA do centro, con quen temos unha coordinación constante e un entendemento estreito desde hai varios cursos, contribuíndo sempre economicamente para facilitar a organización de múltiples eventos e actividades complementarias e extraescolares de diferente tipo:

- Samaín (Concurso de relatos de terror e de cabazas).
- 28 de novembro: Día contra a violencia de xénero (intervención colectiva do alumnado e o profesorado en diferentes dependencias do centro).
- Festival de Nadal.
- Semana das Artes.
- Festa de Entroido.
- Semana das Letras Galegas.
- Semana das Ciencias.
- Excursión a Portugal do alumnado que cursa portugués na ESO.
- Excursión de fin de curso á Illa de Ons para todo o alumnado do centro.

Cada departamento ten feitas nas súas programacións didácticas algunhas previsións xerais sobre as actividades complementarias que realizarán no curso, se ven a súa concreción está sen determinar en moitos casos, xa que a maioría delas van xurdindo a medida que avanza o curso e cada departamento vai coñecendo as diferentes propostas culturais e didácticas que diferentes institucións e entidades ofrecen aos centros educativos.

Detallamos algunhas propostas que nos fan chegar os diferentes departamentos:

Departamento de Bioloxía e Xeoloxía:

- Visita al Museo de Ciencias Luís Iglesias e participación no Club de Ciencia.
- Programa Proxecto Voz Natura.
- Plan Proxecta Ríos.
- Colaboración na Semana das Ciencias, se se celebra este ano, dependendo do orzamento conseguido

Departamento de Debuxo:

- Asistencia ao Festival de curtas *Curtocircuíto*.
- Visitas guiadas ao GGAC, DIDAC, Cidade da Cultura, Afundación, Museo Granell, MIIC (Exposición obradoiro de ilustracións).
- Participación no acto de entrega do *Premio Compostela de Álbum Ilustrado*.
- Charlas de Orientacións da USC.
- Obradoiros con artistas de interese.
- Participación en concursos e saídas pola contorna.
- Colaboración na Semana das Ciencias, se se celebra este ano, dependendo do orzamento conseguido.

Departamento de Lingua castelá e literatura:

Participación en concursos literarios e outras actividades organizadas polo centro, así como por entidades convocantes externas nas que entendamos que o noso alumnado poida participar con resultados positivos para a súa formación. Colaboración con outros departamentos en actividades interdisciplinarias e transversais, como se fixo outros cursos. Organización dalgún encontro de escritores co alumnado. Asistencia a sesións de teatro escolar ou comercial. Visita a algunha das Fundacións do noso entorno: Fundación Torrente Ballester, Fundación Camilo José Cela, Fundación Abanca, MUPEGA...

Departamento de Lingua galega e literatura:

- Asistencia a diferentes montaxes teatrais.
- Viaxe a Portugal do alumnado de 3º da ESO, en colaboración co departamento de Portugués.
- Asistencia a xuízos nos xulgados de Compostela.
- Visita a casas museos de autores galegos (Otero Pedrayo, Castelao...)

Departamento de Matemáticas:

- Visita ao Observatorio de Santiago e circuío matemático pola cidade para 1º e 2º da ESO.
- Participación no concurso *Canguro Matemático*.
- Participación nas Olimpíadas Matemáticas.
- Visita ao Muncyt de A Coruña.
- Exposición AstrónomAs no instituto.
- Celebración do día Internacional das Matemáticas (14 de marzo), cun concurso elaborado polo departamento.

Departamento de Francés:

Actividades complementarias:

-Dous obradoiros de Iniciación á lectura en lingua francesa (niveis: iniciación e perfeccionamento), levados a cabo pola auxiliar de conversación baixo a supervisión da xefa de departamento. Sesións semanais que teñen lugar durante os recreos.

Actividades extraescolares:

-Sesión cinematográfica en versión orixinal subtitulada. Cinema Numax (á espera da programación).

Departamento de Física e Química:

- Participar nas actividades que realicen os departamentos cos que se colaborou en cursos pasados, e en todas aquelas que presenten, durante o curso, as distintas institucións e administracións que sexan interesantes para o alumnado do centro.

- Participar no Club de Ciencias.

- Colaborar no proxecto Voz Natura.

- Desenvolver as seguintes:

- Semana das Ciencias.
- Día da Ciencia en Galego.
- Día da muller e a nena na Ciencia.
- Masterclass de Física de partículas na Universidade de Santiago de Compostela.
- Visita ao CIQUS (Universidade de Santiago de Compostela)

Departamento de Portugués:

En colaboración con outros departamentos, nomeadamente co de Galego e Música, este departamento ten planificadas seguintes actividades xerais:

-Solicitou actividades teatrais e musicais no Teatro Principal, Salón Teatro e Auditorio de Galicia.

-Estuda a posibilidade dun roteiro poético cultural polas brañas do Sar.

-Apreveitará todas as actividades culturais á volta da lingua portuguesa que se desenvolvan na cidade (cinema, teatro, arte, etc.).

-Estuda a posibilidade dunha viaxe académica a Portugal.

ACTIVIDADES DO DPTO DE DEBUXO CURSO 2024-25

O tipo de actividades que se organizan no Dpto. e nas diferentes materias son do seguinte tipo:

Actividade	Descrición	1ºT	2ºT	3ºT
Charlas informativas	Charlas impartidas por todo tipo de profesionais e institucións, que teñan interese para o noso alumnado. Premio Ilustradoras do Concello de Santiago, etc.	x	x	
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Visitas a espazos expositivos que sexan de interese para o alumnado, segundo as propostas que xurden en Santiago ao longo do ano. CGAC, DIDAC, Cidade da Cultura, Museo Pobo Galego, Premio Luis Ksado, Imaxinaria, etc.	x	x	
Asistencia a proxeccións.	Asistencia a diferentes proxeccións ou eventos relacionados coas artes audiovisuais. Curtocicuito, Sala Numax, etc	x	x	
Participación en premios e certames artísticos	Concursos dentro e fóra do centro: OLLOBOI, Fotografía Xurxo Lobato, etc.	x	x	
Realización de proxectos do departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos diferentes equipos do centro, segundo a disponibilidad e o interese do profesorado do Dpto. Colaboración coa EOI, Día do Libro, etc.	x	x	
Obradoiros impartidos por diferentes artistas ou institucións públicas e privadas.	Estes obradoiros realizaranse en distintos momentos do ano, segundo as propostas dos profesores responsables de cada materia, ou das propostas do centro educativo, e sempre e cando haxa fondos para sufragar os gastos. Dpto. Xuventude Santiago, etc.	x	x	

Departamento de Música:

- Actividades gratuítas que ofrece *Compostela Cultura* relacionadas co teatro, a danza e a música que pediu conxuntamente este departamento co de Galego e Portugués. Desenvolveranse no Teatro Principal e no Auditorio de Galicia.
- Un obradoiro de percusión con material de refugallo.

Departamento de Tecnoloxía:

- Unha saída ao Parque Eólico Experimental de Sotavento (Xermade). Sería, en principio, para alumnado de 2º da ESO.
- Asistencia a charlas e/ou obradoiros de índole tecnolóxico, en función dos eventos que dende diversas

entidades se organicen ao longo do curso na contorna máis próxima.

- Visita do alumnado do Bacharelato de Ciencias ao iMATU (Instituto de Materias da USC).
- Participación no Club de Ciencia.

Departamento de Filosofía:

3º ESO. VALORES ÉTICOS

- Visita e elaboración dun taller nun centro ocupacional. A actividade de visita está pensada para a 3ª avaliación
- Actividade cuxo obxectivo principal é coñecer, entender e programar un taller para persoas dun centro ocupacional. Esta actividade está pensada para desenvolver a autonomía persoal, a empatía e o activismo de cara a persoas diversas que forman parte tamén do mundo que nos rodea.

4º ESO. FILOSOFÍA

- Saída a exposicións, conferencias, teatro ou cine. 1ª, 2ª e 3ª

Posible asistencia a exposicións, conferencias, actuacións teatrais ou cine que se programen na cidade e resulten compatibles coa materia sempre que non entorpeza o funcionamento do curso e doutras materias. O alumnado deberá tomar notas e facer unha recensión o/ou posta en común.

1º BACHARELATO. FILOSOFÍA

- Visita guiada ao Parlamento de Galicia e asistencia a pleno. 2ª avaliación.
- Coñecer a organización e as funcións da cámara lexislativa galega .

1º BACHARELATO. ANTROPOLOXÍA

- Saídas traballo de campo. Exemplos de observación participación de rituais (misa, funeral, boda) e festas. Saídas ao longo do curso a rituais ou festas no entorno rural e urbano do instituto. Practicar a observación participante a mirada antropolóxica.

1ª, 2ª e 3ª avaliación

- Visita ao Museo do pobo galego.

2º BACHARELATO. HISTORIA DA FILOSOFÍA

- Prevemos algunha saída ao cine Numax . 2º trimestre.

Visionado dalgunha das películas do catálogo de oferta a estudantes de bacharelato.

2º BACHARELATO. PSICOLOXÍA

- Prevemos algunha saída ao cine Numax . 2º trimestre.

Visionado dalgunha das películas do catálogo de oferta a estudantes de bacharelato.

Departamento de Orientación:

Visita aos centros de Primaria de onde procede o noso alumnado. Colaboración coas Universidades galegas, Consellería de Educación, Oficina de emprego local, Servizos sociais do Concello, Consellería de familia, muller e xuventude, Cruz Vermella, UMAP (Unidade municipal de atención a drogodependentes).

Programa de educación para a saúde (consumo de substancias, alcohol...) e redes sociais (móbil, internet...) organizado polo Concello de Santiago e levado a cabo por educadores do mesmo concello. Este programa xa está sendo posto en marcha coa programación de charlas contra a adicción ao xogo ou de educación para a saúde sobre prevención de drogas.

Plan director da convivencia con charlas nos cursos de 1º a 4º de ESO cuxa temática irá destinada ao coñecemento e uso das redes sociais, acoso escolar, violencia de xénero...

Actividades de orientación académica: Xornada de información sobre o acceso á Universidade por parte da CIUG para o alumnado de 2º de Bacharelato. Presentación das universidades galegas que mostrarán a súa oferta de titulacións no centro escolar para 2º de Bacharelato. Presentación das Escolas Superiores de Deseño con intervención de docentes das escolas de deseño Mestre Mateo e Pablo Picasso, da Escola de Arte dramático de Vigo ou da Escola de Restauracións de Bens culturais de Pontevedra.

Presentación dos centros de formación profesional que mostrarán a súa oferta de titulacións ao alumnado de 4º de ESO, 1º e 2º de Bacharelato. Visita a feiras e/ou exposicións que realice a consellería, dirixida a este mesmo alumnado, tendo en conta que, segundo as datas nas que se convoque, poderá acudir o alumnado de 2º de Bacharelato.

Ademais, neste curso escolar, o centro solicitou a incorporación a varios programas de innovación educativa que nos levarán a realizar actividades dentro do Club de Ciencias e en diferentes Plans Proxecta coordinados por profesorado do centro.

Dende o equipo directivo, e concretamente dende a vicedirección, todas as propostas de institucións e entidades públicas ou privadas serán analizadas e valoradas para conseguir o maior beneficio para o noso alumnado, seguindo a máxima da colaboración entre toda a comunidade educativa, e moi especialmente cos departamentos didácticos do centro, cos que, sen a súa colaboración e constante esforzo, sería imposible levar a termo esta programación anual de actividades.

ANPA: Con estas actividades a ANPA do IES de Sar busca xerar un espazo de crecemento e colaboración. As actividades están dirixidas tanto ao alumnado como ás familias, co fin de fortalecer a implicación de toda a comunidade educativa.

As actividades propostas son en base ás que se viñeron facendo en anos anteriores, sempre en función da dispoñibilidade de medios e de espazos.

ACTIVIDADES: Semana das Artes, Semana das Ciencias, Escola de Nais e Pais e Feira das Profesións.

3.2. A organización, funcionamento e horario da biblioteca

Este curso non contaremos cunha coordinadora da biblioteca, como nos cursos pasados, por falta de dispoñibilidade horario do profesorado para sumir esa coordinación. De tal maneira que só dispoñemos de profesorado de garda nos recreos para tramitar o préstamo de libros.

3.3. Programa de formación do profesorado no centro

Dentro do plan de formación permanente do profesorado no centro, para o curso 24-25 ultimaranse os plans de cursos anteriores, respecto a 2 liñas de traballo:

3.4. Plan TIC

Implementarase co Plan de Acción o desenvolvido no curso pasado:

- O proxecto E-Dixgal implantado en toda a ESO dende 1º a 4º.
- Dúas aulas de informática.
- Todas as aulas do centro posúen neste momentos encerados interactivos, xunto cos ordenadores correspondentes.
- O Plan dixital do centro realizado e en funcionamento.

3.5 Mecanismos de seguimento e avaliación da actividade dos auxiliares de conversa

Para a avaliación do traballo do auxiliar, o Ministerio envía ao profesorado de linguas estranxeiras un documento específico ao final do programa.

A xefa do departamento de francés reunirase unha vez por semana co auxiliar de conversa para coordinar o seu traballo docente e facer un seguimento das actividades propostas e das posibles melloras na súa aplicación. Durante o curso 2024-2025, a reunión terá lugar o martes de 12:50 a 13:40. Isto non impide, por suposto, as consultas e comunicacións habituais co auxiliar durante os seus días de traballo no noso centro educativo.